

## Especies invasoras – exposición temporal

O Museo de Historia Natural da USC incorporou desde xuño de 2018 ata decembro do 2019 unha serie de expositores temáticos sobre o problema xeral das invasións biolóxicas, completaron a exposición temporal Vespa velutina: Unha invasión imparabile, aberta ó público desde xuño do 2018.

A mostra consistiu nun conxunto de paneis, elaborados pola Red Alien Species Network (ASN), financiada pola Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, que está integrada por investigadores das tres universidades galegas e da universidade portuguesa de Coimbra. Nos paneis amósanse unha representación dalgunhas das especies exóticas invasoras vexetais e animais máis representativas dos nosos ecosistemas, tanto terrestres como acuáticos (uña de gato, herba da pampa, tartaruga de Florida...) e inclúese información sobre as estratexias de prevención, control e restauración, os danos ambientais, e a súa repercusión para a biodiversidade nativa. Esta exposición tenta divulgar, cunha linguaxe sinxela, un gran problema ambiental para Galicia e contribuír a unha maior concienciación social do mesmo.



